

Concurso Fotográfico

“O antes e agora da Xunqueira do Lagares”

Convocado pola Comisión Veciñal de Afectados pola depuradora do Lagares xunto coa rede de colectivos A Ría Non se Vende:

C.S. A Revolta
Luita Verde
Salvemos Monteferro
CaleidosKopio
Foro Social de Cangas
Bouzas Móvete
GAS
Asociación Cultural Berra Val Miñor
Clube espeleolóxico Mauxo
Plataforma cidadá de Redondela
Plataforma Defende Mos
Colectivo Xogo Descuberto
Salvemos O Salgueirón
Verdegaia
SOS Serra da Groba
Voces polo Litoral de Teis
CV afectados pola depuradora do Lagares



A Xunqueira do Lagares é o humidal máis importante de Vigo

A difusión dos valores deste espazo natural, como paso previo á súa recuperación, é o que nos move a convocar este concurso fotográfico para facilitar o coñecemento do noso patrimonio natural e do legado histórico, cultural, económico e social.

Uns valores que son totalmente incompatibles coa instalación dunha macrodepuradora ou cos usos industriais que se pretenden na súa contorna.

BASES

PARTICIPANTES:

Poderán participar todas as persoas que o desexen, profesionais ou afeccionados á fotografía baixo o eixo temático de “O antes e o agora da Xunqueira do Lagares” comprendendo a súa biodiversidade, paisaxe, historia, agresións medio ambientais, vertidos ou calquera tema relacionado co propio Humidal.

PRAZO DE ENTREGA:

Poderanse entregar as fotografías ata o día **domingo 31 de xullo de 2010.**

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

As fotografías faranse chegar comprimidas á seguinte dirección de correo electrónico humidal.lagares@gmail.com ou en man no Centro Social Revolta (rúa Real nº 32) no Centro Social Cova dos Ratos (rúa Romil nº 13) ou no Centro Recreativo Artístico e Cultural de Coruxo (estrada de Camposancos 226)

PRESENTACIÓN DE FOTOGRAFÍAS:

As fotografías presentaranse en cor ou branco e negro, en formato .jpg con alta resolución (300 ppp). Establécense un límite máximo de 5 fotografías por autor.

DATOS DE IDENTIFICACIÓN:

As fotos en papel ou outros formatos físicos serán recollidas en sobre cerrado incluíndo en documento aparte o nome, apelidos, teléfono de contacto e correo electrónico do autor.

PREMIOS:

1.- Como premio xeral, todas as fotografías seleccionadas serán publicadas na páxina web e formarán parte dunha exposición fotográfica aberta a toda a cidadanía co lema “O antes e o despois do humidal do Lagares”

2.- Como premios específicos premiaranse as tres mellores fotografías con

- 1º Cámara fotográfica dixital
- 2º bicicleta de montaña
- 3º un lote de libros

XURADO:

O xurado estará composto por tres fotógrafos profesionais.

RESOLUCIÓN:

O fallo do xurado publicarase na páxina web <http://www.arianonsevende.org> a última semana de agosto de 2010 e nominalmente aos autores das fotografías seleccionadas.

DEVOLUCIÓN E DEREITOS:

As fotografías en papel devolveranse o día de entrega dos premios. Todas as fotografías presentadas, en formato dixital, quedarán en poder dos organizadores do Concurso, que se reservan os dereitos da súa utilización, sen ánimo de lucro, indicando sempre o autor.

ACEPTACIÓN DAS BASES:

A participación neste concurso supón a aceptación das bases e do fallo inapelable do xurado.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

Na páxina web <http://www.arianonsevende.org> pódense consultar estas bases.